

da banca e os seguros, e de bases da planificación xeral da actividade económica, consonte o artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, salvo as seguintes materias, que se consideran competencia exclusiva do Estado:

A) Conforme o artigo 149.1.6.^a da Constitución, considéranse lexislación mercantil as materias reguladas en:

- a) Os capítulos I e II, salvo o artigo 7.
- b) Os números 3 a 10 do artigo 8.
- c) Disposicións adicionais primeira, terceira e cuarta.
- d) Disposicións transitorias primeira, segunda e cuarta, así como a transitoria quinta, salvo os parágrafos terceiro e cuarto do número 5, e números 7 e 8.

B) Conforme o artigo 149.1.14.^a da Constitución, considéranse lexislación da Facenda xeral as materias reguladas en:

- a) O capítulo VIII.
- b) Os parágrafos terceiro e cuarto do número 5, e números 7 e 8 da disposición transitoria quinta.
- c) Disposicións transitorias primeira, sexta e sétima.
- d) Disposicións derradeiras primeira e segunda.

XEFATURA DO ESTADO

24342 *REAL DECRETO LEI 8/2002, do 13 de decembro, polo que se amplían as medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, e se modifica o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro. («BOE» 299, do 14-12-2002.)*

O Goberno da Nación aprobou con data 22 de novembro deste ano o Real decreto lei 7/2002, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», co fin de articular coa urxencia e inmediatez necesarias as actuacións precisas para atender as necesidades xurdidas dos danos provocados polo citado accidente.

A evolución posterior dos acontecementos e a extensión dos danos ocasionados polas verteduras de hidrocarburos ás costas doutras comunidades autónomas do litoral cantábrico fan preciso amplia-las medidas previstas naquel real decreto lei, tanto mediante o establecemento doutras novas, como coa aplicación das inicialmente previstas para a Comunidade Autónoma de Galicia ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

Así, modifícase o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, nos artigos precisos para amplia-la cobertura das axudas directas a outros beneficiarios e para modifica-lo réxime relativo ós beneficios tributarios.

Polo que se refire ó País Vasco, hai que destacar que o seu especial réxime financeiro e tributario atribúe a competencia para adoptar determinadas medidas de carácter fiscal ás institucións competentes dos territorios históricos do País Vasco.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia e do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e dos ministros de Facenda, Fomento, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación e

Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2002,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Ámbito e obxecto de aplicación.*

Este real decreto lei ten por obxecto amplia-las medidas destinadas a paliar los efectos derivados do accidente sufrido polo buque «Prestige» o día 13 de novembro de 2002, aprobadas polo Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, así como estendelas ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.

As medidas que nesta norma se establecen en ningún caso supoñen recoñecemento de responsabilidade do Estado por tales efectos e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións que correspondan.

Por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, por proposta dos delegados do Goberno nas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, determinarase, para os efectos previstos neste real decreto lei, o ámbito territorial de aplicación das medidas en cada unha das citadas comunidades autónomas, por referencia ós termos municipais e núcleos de poboación afectados.

Artigo 2. *Danos en infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes destes poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que executen tales departamentos para reparar los danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 3. *Reducción do imposto sobre actividades económicas.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que realicen, dentro do ámbito territorial das comunidades autónomas do Principado de Asturias e Cantabria que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, actividades de entrega de bens ou prestacións de servicios suxeitas ó dito imposto e sinaladas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como directamente relacionadas coa práctica das actividades pesqueiras, o marisqueo ou a acuicultura que se atopen paralizadas como consecuencia das medidas adoptadas polas indicadas comunidades autónomas ou pola Administración xeral do Estado e derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», reducirán o imposto sobre actividades económicas correspondente ó exercicio 2002 en proporción ó tempo de vixencia das medidas referidas e computándose por meses completos.

As reducións de cotas comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre estas.

2. Os suxeitos pasivos que, tendo dereito ó beneficio establecido no punto anterior, satisfixesen os recibos correspondentes ó exercicio fiscal 2002 poderán solicita-la devolución das cantidades que correspondan.

3. A diminución de ingresos que as normas deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo ós orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 4. Beneficios fiscais para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o valor engadido.

1. O ministro de Facenda establecerá mediante a correspondente orde ministerial, e no ámbito das súas competencias, logo de informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a redución dos signos, índices ou módulos cando se trate de actividades económicas ás que lles resulte de aplicación o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas que resultasen directa ou indirectamente afectadas polas medidas de prohibición da pesca e marisqueo adoptadas polas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco ou pola Administración xeral do Estado, derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», sempre que as ditas actividades se desenvolvan no ámbito territorial que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

2. O ministro de Facenda establecerá mediante a correspondente orde ministerial, e no ámbito das súas competencias, logo de informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a redución dos índices ou módulos cando se trate de actividades económicas ás que resulte de aplicación o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido que resultasen directa ou indirectamente afectadas polas medidas de prohibición da pesca e o marisqueo adoptadas polas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco ou pola Administración xeral do Estado, derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», sempre que as ditas actividades se desenvolvan no ámbito territorial que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

3. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas distintas ou nun ámbito territorial diferente dos relacionados nas ordes ministeriais a que se refiren os puntos 1 e 2 anteriores, que resultasen directa ou indirectamente afectadas polas medidas de prohibición da pesca e o marisqueo adoptadas polas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco ou pola Administración xeral do Estado, derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», e que determinen o rendemento neto da actividade económica mediante o réxime de estimación obxectiva, poderán solicitar a redución dos signos, índices ou módulos aplicables á súa actividade, de conformidade co disposto no artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro.

Así mesmo, poderase solicitar a redución dos índices ou módulos para o cálculo das cotas devengadas por operacións correntes no réxime simplificado do IVE de acordo co previsto no artigo 38 do Regulamento do dito imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, cando se cumpran as condicións previstas no parágrafo anterior.

4. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas concedidas polo Estado e as comunidades autónomas a que se refire o artigo 7 deste real decreto lei.

Artigo 5. Medidas laborais e de Seguridade Social.

1. Os expedientes de regulación de emprego que se tramiten como consecuencia dos efectos derivados do accidente do buque «Prestige» terán a consideración de provenientes de forza maior e poderán dar lugar á suspensión ou á extinción dos contratos laborais, así como á redución temporal da xornada de traballo.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social poderalle conceder ó empresario unha bonificación do 100 por 100 no pagamento das súas cotas á Seguridade Social mentres estean en vigor as medidas adoptadas polas comunidades autónomas enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei ou pola Administración xeral do Estado como consecuencia do accidente do buque «Prestige», considerándose o dito período como efectivamente cotizado.

Nos expedientes de regulación de emprego en que se resolva favorablemente a suspensión temporal de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo, que teñan a súa causa inmediata nos efectos derivados do accidente do buque «Prestige», a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos; así mesmo, poderá autorizar que reciban as prestacións por desemprego, reguladas na citada norma, aínda cando carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a aquelas.

Nos casos en que se produza a extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, de conformidade coa súa normativa e cos límites legalmente establecidos.

2. Establécese unha bonificación do 100 por 100 no pagamento das cotas da Seguridade Social por todas as contingencias, así como polos conceptos de recadación conxunta con aquelas, ós empresarios e traballadores por conta propia ou por conta allea que pertencen a algún dos grupos a que se refire o artigo 7 deste real decreto lei e que polo exercicio da súa actividade deban cotizar a calquera dos réximes do sistema de Seguridade Social e visen paralizada a súa actividade como consecuencia das medidas de prohibición de pesca e marisqueo adoptadas polas comunidades autónomas enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei ou pola Administración xeral do Estado, como consecuencia do accidente do buque «Prestige». Esta bonificación abarcará o período durante o cal permanezan en vigor tales medidas e concederáse logo da xustificación dos danos sufridos.

Se as cotas bonificadas estivesen xa ingresadas, serán obxecto de devolución.

3. Para a realización das obras de reparación dos servizos públicos, as administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar dos servizos públicos de emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 6. Réxime de contratación.

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do

16 de xuño, terán a consideración de obras, servicios, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas as portuarias, costas, dominio público marítimo-terrestre e calquera outro ben de titularidade estatal que resultase afectado polas consecuencias derivadas do accidente do buque «Prestige».

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire o presente artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

Artigo 7. *Axudas a pescadores, mariscadores e outros afectados polo cesamento de actividade.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aboará unha axuda complementaria á concedida pola correspondente comunidade autónoma das enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei ás seguintes persoas:

a) Armadores embarcados e tripulantes dos buques pesqueiros ós que a correspondente comunidade autónoma conceda axudas en concepto de afectados pola paralización da actividade pesqueira, ordenada como consecuencia do accidente a que se refire este real decreto lei.

b) Mariscadores en terra beneficiarios das axudas que conceda a comunidade autónoma correspondente por razón da paralización da súa actividade, ordenada como consecuencia do mesmo accidente.

c) Redeiros, colaboradores familiares de embarcacións, comercializadores de primeiro nivel, operarios de lonxas e fábricas de xeo e persoal laboral das confrarías de pescadores ós que a correspondente comunidade autónoma conceda axudas en concepto de persoal directamente afectado pola paralización das actividades a que se refiren os dous parágrafos anteriores.

2. O Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá ampliar-lo ámbito subxectivo de tales axudas complementarias cos límites e requisitos establecidos no presente artigo.

3. O importe da axuda complementaria regulada no presente artigo será tal que, sumada á concedida pola correspondente comunidade autónoma, a cantidade percibida por cada beneficiario sexa de 40 euros por día de inactividade. Non obstante o anterior, a axuda complementaria concedida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non excederá en ningún caso de 10 euros por persoa e día de inactividade.

4. A axuda complementaria regulada neste artigo será aboada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través das administracións públicas competentes ou das correspondentes organizacións sectoriais, podendo celebrar para estes efectos os oportunos convenios.

5. O período máximo de concesión das axudas reguladas neste artigo será de seis meses. A comisión inter-

ministerial para o seguimento dos danos ocasionados polo buque «Prestige», constituída para o efecto, poderá acordar unha prórroga por outro período de igual duración.

Artigo 8. *Prexuízos indirectos.*

A Comisión interministerial para o seguimento dos danos ocasionados polo buque «Prestige», constituída para o efecto, coñecerá da avaliación dos prexuízos derivados de maneira indirecta da catástrofe e poderalle propor ó Goberno as medidas que haxa que adoptar de carácter accesorio para palialos.

Artigo 9. *Promoción de produtos pesqueiros procedentes das comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Fondo de Regulación e Organización do Mercado de Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM), en colaboración co Ministerio de Sanidade e Consumo, instrumentarán os créditos necesarios para a realización, de forma coordinada coas comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, de campañas de información e promoción da calidade, seguridade e salubridade dos produtos da pesca, a acuicultura e o marisqueo procedentes das indicadas comunidades autónomas.

Artigo 10. *Liñas preferenciais de crédito.*

1. Instrúese o Instituto de Crédito Oficial, en exercicio das funcións a que se refire o punto dous.2.a) da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, para instrumentar operacións de préstamos por importe total de 100 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía, para anticipar-la reparación ou reposición das instalacións industriais, pesqueiras, acuícolas ou marisqueiras, incluída a arte e o resto do material de pesca, coa finalidade de contribuír a paliar os efectos económicos producidos polos danos ocasionados como consecuencia do accidente do buque «Prestige».

Estas operacións instrumentaranse como préstamos directos, coas seguintes características:

a) Importe máximo por operación: o dano total acreditado pola Delegación ou Subdelegación do Goberno na provincia correspondente, descontando, se é o caso, o importe do crédito que puidesen suscribir, con cargo a liñas de crédito preferencial que se establecerán por iniciativa das comunidades autónomas enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei. Para os efectos da valoración dos danos instrumentaranse os mecanismos para a colaboración de órganos ou organismos da Administración especializados.

b) Beneficiarios: persoas físicas, así como pequenas e medianas empresas, segundo a definición adoptada pola Comisión Europea, coa finalidade de anticipar-la reparación ou reposición das instalacións industriais ou pesqueiras de calquera clase que se visen danadas.

c) Prazo: un ano, prorrogable, cun vencemento único final de principal e xuros.

d) Xuro: 1,75 por 100 TAE.

e) Garantía das operacións: ó formalizala operación poderanse instrumentar avais ou outras garantías para asegurar-la devolución dunha cantidade equivalente ós principais e xuros dos préstamos concedidos por razón do sinistro.

p Autorízase o Instituto de Crédito Oficial a cargar, conforme as normas en vigor para as entidades de crédito, ó Fondo de Provisión regulado no punto catro da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995 os importes correspondentes a créditos morosos e fallidos que xurdan nas operacións de préstamo que se instrumenten.

2. Instrúese o Instituto de Crédito Oficial para instrumentar unha liña de préstamos por importe total de 100 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía, para anticipar a reparación ou reposición das instalacións industriais, pesqueiras, acuícolas ou marisqueiras, incluída a arte e o resto de material de pesca, coa finalidade de contribuír a paliar os efectos económicos ocasionados como consecuencia do accidente do buque «Prestige», utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

a) Importe máximo por operación: o dano total acreditado pola Delegación ou Subdelegación do Goberno na provincia correspondente, descontando, se é o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir, con cargo a liñas de crédito preferenciais que se establecerán por iniciativa das comunidades autónomas enumeradas no artigo 1 deste real decreto lei. Para os efectos da valoración dos danos, instrumentaranse os mecanismos para a colaboración de órganos ou organismos da Administración especializados.

b) Beneficiarios: calquera persoa física ou xurídica que sufrise danos, coa finalidade de anticipar a reparación ou reposición das instalacións industriais ou pesqueiras de calquera clase que se visen danadas.

c) Prazo: un ano, prorrogable, con vencemento único final de principal.

d) Xuro: o tipo de cesión do ICO ás entidades financeiras será o correspondente a unha compensación do 0,50 por 100, como marxe de intermediación, que será aboado polo ICO en función das operacións formalizadas. O tipo final para o prestameiro será do 0 por 100.

e) Garantía das operacións: ó formalizarse a operación poderanse instrumentar avais ou outras garantías para asegurar a devolución dunha cantidade equivalente ós principais dos préstamos concedidos por razón do sinistro.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este punto lévase a cabo en exercicio das funcións a que se refire o punto dos.2.a) da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995 e, na súa virtude, autorízase o ICO a cargarlle ó fondo de provisión regulado no punto catro da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995 o quebranto que supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención de recursos máis a marxe de intermediación do 0,50 por 100.

Artigo 11. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar co Goberno das comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco os convenios de colaboración que esixa a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Competencias das comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.1.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Can-

tabria e País Vasco, ó abeiro dos seus estatutos de autonomía e do disposto no concerto económico vixente nos territorios históricos do País Vasco.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal e o aboamento das axudas previstas no artigo 7 financiaranse con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais, e para eses efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Os fondos que, se é o caso, resulten precisos para atender as axudas previstas no artigo 7 deste real decreto lei transferiraos o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás administracións públicas competentes ou organizacións sectoriais ós que lles corresponda o pagamento.

As transferencias de crédito a que se refiren os parágrafos anteriores autorizaranse por acordo do ministro de Facenda, salvo que, de conformidade co establecido na Lei xeral orzamentaria, corresponda a súa autorización ós titulares dos distintos departamentos ministeriais. Os remanentes de crédito que, se é o caso, puideran existir ó peche do exercicio 2002 nos créditos habilitados mediante as transferencias a que se refire o parágrafo anterior poderán incorporarse ó orzamento de 2003.

Disposición adicional terceira. *Modificación do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige».*

Modifícase o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, nos termos seguintes:

Un. Modifícase a rúbrica e o punto 1 do artigo 3, que quedarán redactados nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Reducción do imposto sobre actividades económicas.*

1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que realicen, dentro do ámbito territorial que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, actividades de entrega de bens ou prestacións de servicios suxeitas ó dito imposto e sinaladas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como directamente relacionadas coa práctica das actividades pesqueiras, o marisqueo ou a acuicultura que se atopen paralizadas como consecuencia das medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado e derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», reducirán o imposto sobre actividades económicas correspondente ó exercicio 2002 nunha sexta parte da cota correspondente ó dito exercicio. Esta redución comprenderá a das recargas legalmente autorizadas sobre as indicadas cotas.»

Dous. Modifícase o artigo 4, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 4. *Beneficios fiscais para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o valor engadido.*

1. O ministro de Facenda establecerá, mediante a correspondente orde ministerial e no ámbito

das súas competencias, logo de informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a redución dos signos, índices ou módulos cando se trate de actividades económicas ás que resulte de aplicación o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas que resultasen directa ou indirectamente afectadas polas medidas de prohibición da pesca e marisqueo adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado, derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», sempre que as ditas actividades se desenvolvan no ámbito territorial que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

2. O ministro de Facenda establecerá, mediante a correspondente orde ministerial e no ámbito das súas competencias, logo de informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a redución dos índices ou módulos cando se trate de actividades económicas ás que lles resulte de aplicación o réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido que resultasen directa ou indirectamente afectadas polas medidas de prohibición da pesca e marisqueo adoptada pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado, derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», sempre que as ditas actividades se desenvolvan no ámbito territorial que delimite a orde ministerial a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

3. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que desenvolvan actividades económicas distintas ou nun ámbito territorial diferente dos relacionados nas ordes ministeriais a que se refiren os puntos 1 e 2 anteriores, que resultasen directa ou indirectamente afectadas polas medidas de prohibición da pesca e o marisqueo adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado, derivadas do accidente sufrido polo buque «Prestige», e que determinen o rendemento neto da actividade económica mediante o réxime de estimación obxectiva, poderán solicita-la redución dos signos, índices ou módulos aplicables á súa actividade, de conformidade co disposto no artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro.

Así mesmo, poderase solicita-la redución dos índices ou módulos para o cálculo das cotas devenidas por operacións correntes no réxime simplificado do IVE, de acordo co previsto no artigo 38 do Regulamento do dito imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, cando se cumpran as condicións previstas no parágrafo anterior.

4. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas concedidas polo Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire o artigo 7 deste real decreto lei.»

Tres. O artigo 5.2 queda redactado da seguinte forma:

«Establécese unha bonificación do cen por cento no pagamento das cotas da Seguridade Social por tódalas contingencias, así como polos conceptos de recadación conxunta con aquelas, ós empresarios e traballadores por conta propia ou por conta allea que pertencen a algún dos grupos a que se

refire o artigo 7 deste real decreto lei e que polo exercicio da súa actividade deban cotizar a calquera dos réximes do sistema de Seguridade Social e visen paralizada a súa actividade como consecuencia das medidas de prohibición de pesca e marisqueo adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado, como consecuencia do accidente do buque «Prestige», e que abarcará o período durante o cal permanezan en vigor tales medidas, con dereito a devolución das cotas xa ingresadas. As bonificacións concederanse logo de xustificación dos danos sufridos.»

Catro. O artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. *Axudas a pescadores, mariscadores e outros afectados polo cesamento de actividade.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aboará unha axuda complementaria á concedida pola Comunidade Autónoma de Galicia ás seguintes persoas:

a) Armadores embarcados e tripulantes dos buques pesqueiros ós que a Comunidade Autónoma de Galicia concedese axudas en concepto de afectados pola paralización da actividade pesqueira ordenada como consecuencia do accidente a que se refire este real decreto lei.

b) Mariscadores en terra beneficiarios das axudas concedidas pola Comunidade Autónoma de Galicia por razón da paralización da súa actividade ordenada como consecuencia do mesmo accidente.

c) Redeiros, colaboradores familiares de embarcacións, comercializadores de primeiro nivel, operarios de lonxas e fábricas de xeo e persoal laboral das confrarías de pescadores ós que a Comunidade Autónoma de Galicia concedese axudas en concepto de persoal directamente afectado pola paralización das actividades a que se refiren os dous parágrafos anteriores.

2. O Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá amplia-lo ámbito subxectivo de tales axudas complementarias cos límites e requisitos establecidos no presente artigo.

3. O importe da axuda complementaria regulada neste artigo será tal que, sumada á concedida pola Comunidade Autónoma de Galicia, a cantidade percibida por cada beneficiario sexa de 40 euros por día de inactividade. Non obstante o anterior, a axuda complementaria concedida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non excederá en ningún caso de 10 euros por persoa e día de inactividade.

4. A axuda complementaria regulada neste artigo será aboada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a través do Instituto Social da Mariña.

5. O período máximo de concesión das axudas reguladas neste artigo será de seis meses. A Comisión interministerial para o seguimento dos danos ocasionados polo buque «Prestige», constituída para o efecto, poderá acordar unha prórroga por outro período de igual duración.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Fondo de Regulación e Organización

do Mercado de Productos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM), en colaboración co Ministerio de Sanidade e Consumo, instrumentarán os créditos necesarios para a realización, de forma coordinada coa Comunidade Autónoma de Galicia, de campañas de información, promoción da calidade, seguridade e salubridade dos produtos da pesca, a acuicultura e o marisqueo procedentes da indicada comunidade autónoma.»

Seis. O primeiro parágrafo da disposición adicional segunda queda redactado da seguinte forma:

«A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal e o aboamento das axudas previstas no artigo 7 deste real decreto lei financiarase con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais, e para eses efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.»

Disposición adicional cuarta. *Sorteo especial de lotería nacional a favor dos afectados polo accidente do buque «Prestige».*

Autorízase o Ministerio de Facenda, a través da entidade pública empresarial Loterías e Apostas do Estado, a celebrar, o próximo día 11 de xaneiro de 2003, un sorteo especial de lotería nacional do que os beneficios se destinarán, de acordo coas normas que dicte para o efecto o Ministerio de Facenda, a sufragalos gastos producidos polo accidente do buque «Prestige».

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

24343 REAL DECRETO LEI 9/2002, do 13 de decembro, polo que se adoptan medidas para buques tanque que transporten mercadorías perigosas ou contaminantes. («BOE» 299, do 14-12-2002.)

España é un país marítimo, situado pola súa xeografía nunha encrucillada con rutas fundamentais que pasan por diante de Fisterra, polo estreito de Xibraltar e polo

Arquipélago Canario. España sempre defendeu na Organización Marítima Internacional (OMI) e no seo da Unión Europea a necesidade de converterla en seguridade marítima nunha prioridade en si mesma, o cal significa, entre outras cuestións, a realización de inspeccións serias e homoxéneas en tódolos portos e a exclusión dos buques de casco simple para o transporte de produtos petrolíferos. A defensa destes principios por parte do Goberno español foi feita de forma constante en tódolos foros internacionais e con respecto, naturalmente, á legalidade internacional.

En relación coa retirada de buques petrolíferos monocasco, a realidade é que a proposta de regulamento que presentou a Comisión Europea en febreiro de 2000 e que foi apoiada, entre outras, pola delegación española, en relación coa retirada de buques petrolíferos monocasco foi a seguinte:

«Os buques petrolíferos de cruces de 20.000 toneladas ou máis de peso morto e aqueles buques de produto de 30.000 toneladas ou máis de peso morto (...) non poderán operar cando o buque teña unha antigüidade de 23 anos ou o 1 de xuño de 2005 se esta data fose anterior.»

Esta posición foi debatida tamén no seo da OMI en abril de 2001, pero non foi finalmente recollida no texto do Regulamento 417/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de febreiro de 2002, relativo á introducción acelerada de normas en materia de dobre casco ou de deseño equivalente para petrolíferos de casco, que incorporou un calendario máis dilatado para a substitución destes petrolíferos. De terse aprobado a proposta da Comisión, apoiada por España, o buque «Prestige» tería deixado de navegar en 1999, data en que se cumprían os 23 anos de antigüidade.

Recollendo as iniciativas do Goberno español, o Consello de Ministros de Transportes, Telecomunicacións e Enerxía da Unión Europea, celebrado en Bruxelas os días 5 e 6 de decembro, acordou, por unanimidade, a adopción dunha serie de medidas de transcendencia histórica para a seguranza do transporte marítimo e a prevención e combate de catástrofes ecolóxicas como as derivadas do afundimento ou varada de buques como o «Aegean Sea», «Erika» ou, máis recentemente, o «Prestige». A este respecto acordou que, de forma inmediata, os petróleos pesados non deban transportarse máis ca en petrolíferos de dobre casco, instando os estados membros a se comprometeren a non admitir nos seus portos, terminais ou fondeadoiros petrolíferos de casco único que transporten esta mercadoría. Doutra parte, instou os estados membros a adoptaren medidas que, de conformidade co dereito internacional do mar, permitan ós estados costeiros controlar, e cando sexa o caso limitar, o tráfico de buques que transporten mercadorías perigosas e contaminantes dentro do límite de 200 millas das súas costas.

Atendendo a estas iniciativas, o Goberno procede á aplicación de modo inmediato de tales previsións e, por isto, aproba este real decreto lei, no que se establece a prohibición de entrada en portos españois, terminais ou fondeadoiros dos petrolíferos de casco único, calquera que sexa a bandeira que enarboren, que transporten fuel pesado, alcatrán, betume asfáltico e petróleo cru pesado. Como complemento disto tipifícase como infracción o incumprimento desta prohibición, establecendo a sanción adecuada para a gravidade desta conducta. Finalmente, habilítase o Goberno para aproba-las disposicións e adopta-las medidas de carácter administrativo, organizativo e orzamentario necesarias para a súa eficaz aplicación. Así mesmo, co fin de facilita-lo tránsito á nova situación, adíase a aplicación da prohibición ata o próxi-